



## **BASES DE FUNCIONAMENTO DOS POSTOS DE VENDA, TÓMBOLAS, CASSETAS OU 'ATRACCIÓNS' FESTAS DO CRISTO 2023.**

### **I.- DE CANDO E DONDE SE CELEBRA**

**Art. 1.-** As festas do Cristo 2023 celebraranse nas datas do 21 ata o 25 de setembro e os días 29 e 30 de setembro e 1 de outubro do 2023. Os postos de venda poderán estar abertos ao público de 10:00h a 02:30 h. Non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa fóra do horario establecido.

**Art. 2.-** Os postos extenderanse polas seguintes rúas: Pío XII, Domingo Bueno, Avelino Villasuso, Servando Ramilo, Ramiráns, Ramón González, Manuel Rodríguez, Praza Arquitecto Antonio Palacios e barrios de S. Benito e S. Sebastián e as 'atraccións' naquelas ubicacións asignadas polo Concello.

**Art. 3.-** Non se permitirá o asentamento de ningún posto nin a venda ambulante de ningún produto fóra do recinto establecido pola organización.

### **II.- DOS POSTOS DE VENDA E 'ATRACCIÓNS'**

**Art. 1.- Os tipos de postos que se poderán establecer son os seguintes:**

- a) Postos de venda de produtos varios.
- b) Postos de degustación e venda de comidas: son aqueles postos de venda de comidas e bebidas. A organización decidirá de forma excepcional a distribución dos postos de rosquillas.
- c) Establecementos privados: son aqueles establecementos coma tabernas, bares, bodegas, restaurantes, negocios de venda de produtos, con sede social no Porriño, que soliciten asentarse na vía pública diante do seu negocio. A organización só autorizará estes postos no caso de que non precise dese espazo e sempre e cando as condicións da rúa o permitan.
- d) Barracas, tómbolas, casetas para espectáculos ou atraccións.

**Art. 2.-** Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, parrillas, brasas ou sustancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Será obrigatorio para estes postos que contén cun extintor homologado, e en bó funcionamento de po seco de 6 k. Deberán tamén contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.





Concello do Porriño

**Art. 3.-** Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

**Art. 4.-** Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador/a de alimentos.

**Art. 5.-** Todas as 'atraccións' deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIE (persona física) ou CIF (empresa) do interesado, no segundo caso presentar documento que acredite a representación que ostenta, cando actúe como representante.
- Plano de situación indicando a ubicación exacta da reserva que se solicita a escala 1:100
- Poliza de seguro de responsabilidade civil e o último recibo de pago da mesma.
- Permiso da Delegación de Industria (I.T.V.) ou certificado.
- Permiso de enganche de enerxía eléctrica da empresa provedora.
- Recibo da Seguridade Social das persoas que traballen na atracción, montaxe, desmontaxe, mantemento e atención (TCS, Autónomos ou altas).
- Xustificante bancario de ter realizado o pago da autoliquidación.
- Unha vez aceptada a solicitude requirírase tamén informe expedido pola empresa autorizada (homologada) que exprese a correcta montaxe da atracción na parcela designada polo Concello do Porriño.

### III.- DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

**Art. 1.- Prescricións:** a solicitude de inscrición poderá descargarse na nosa páxina: <https://oporrino.org/> ou recollela no Concello do Porriño, dende o día seguinte a publicación destas bases ata o **14 de setembro**, en horario de 09:00 a 14:00 h.

Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro do Concello do Porriño ou a través da sede electrónica deste Concello dende o día seguinte a publicación destas bases ata o **14 de setembro**. As solicitudes realizadas a partir desta data non serán autorizadas.

**Art. 2.- Aceptacións:** unha vez cumprimentada a solicitude facilitada e presentada a documentación requirida, procederase a asignación da ubicación do posto; dita responsabilidade quedará a cargo do Concello.

Rematado o prazo de inscrición e confirmada a aceptación do posto, os/as interesados/as formalizarán o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra).

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiros dos postos/espazos asignados.

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





**Art. 3.- Taxas:** a ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos ambulantes situados en terreo públicos así coma industriais estipula as seguintes cotas de aplicación:

Postos para a venda de xéneros e calquera outro na vía pública do nucleo urbano.		1.32 €/m <sup>2</sup> día
Barracas, tómbolas, casetas para espectáculos ou atraccións.	Ata 25m <sup>2</sup>	3.51 € día
	Por cada m <sup>2</sup> máis	0.34 € día

O pago farase no ORAL. Os xustificantes de pago serán entregados no Concello do Porriño **ata as 14:00 h do día 21 de setembro.**

**Non se admitirá ningún posto de venda, barraca, tómbola, caseta para espectáculos ou atraccións sen a debida presentación do xustificante de pago. Prohibido postos de venda e uso de animais vivos.**

#### **IV.- DA MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA**

**Art. 1.-** O horario da montaxe será entre ás **08:30** e ás **10:00** h.

**Art. 2.-** Todos os postos han de estar totalmente ubicados e preparados para a hora de comezo das actividades das festas. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, toldos, etc.

**Art. 3.-** Durante o desenvolvemento da festa quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así coma a colocación de obstáculos dentro da zona de celebración dos distintos eventos.

**Art. 4.-** A licenza debe estar exposta en sitio visible durante todo o tempo de ocupación. Os postos que non teñan exposta a licenza serán retirados polos responsables do Concello.

**Art. 5.-** Os servizos técnicos do Concello poderán comprobar que as ocupacións efectivamente realizadas polos concesionarios das licenzas, de ningún xeito excedan os límites destas, tanto no que se refire á superficie como ao tempo de ocupación.

**Art. 6.-** Os aparellos de feira poderán ser obxecto de inspección polo persoal que designe o Concello en calquera momento durante a vixencia da autorización para postos e atraccións da festa.

**Art. 7.-** En caso de producirse accidente algún nas atraccións esta/s paralizará/n a súa actividade ata que técnicos autorizados polo Concello garanticen que se reúnen tódalas normas de seguridade para o normal





Concello do Porriño  
desenvolvemento da súa actividade.

## V.- DAS MERCANCÍAS

**Art. 1.-** Queda totalmente prohibida a exposición e presenza de animais vivos.

## VI.- MONTAXE ATRACCIÓNS

**Art. 1.-** A data da montaxe comezará o martes día 19 de setembro a partir das 16:00 H ata o día 21 de setembro.

**Art. 2.-** Respectarase en todo momento as indicacións da inspección técnica (ENMACOSA). En caso de nos respectarse a Policía Local procederá ao recinto da instalación.

**Art. 3.-** No recinto de festas non poderá haber ningún vehículo, camión, etc das atraccións instaladas.

## VII.- DOS VENDEDORES

**Art. 1.-** Unha vez rematadas as festas, **na noite do domingo 01 de outubro**, todos os postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

**Art. 2.-** O volumen da música non poderá estar moi alta.

- Durante os actos relixiosos do domingo 24 e luns 25 de setembro as atraccións por donde pasa a procesión teñen que estar paradas e sen música.
- As rúas por onde se celebren os actos relixiosos teñen que estar baleiras, os postos non poden invadir as rúas. (Se fose o caso teñen que desmontar o posto e despois volver a montalo).

**Art. 3.-** A organización así como a Policía Local e Protección Civil do Porriño velará polo estricto e riguroso cumprimento das presentes bases.

**Así o manda e asina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

